

**ANEXO V**

*(Presentar pola entidade adxudicataria)*

*Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)*

Don/Dona ....., con DNI ....., como presidente/a da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en .....

na condición de beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como concertante do servizo de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no compoñente 22 "Plan de choque para a Economía dos Coidados e Reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e investimento I2 "Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia", manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «*do no significant harm*») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., ..... de ..... de 202.....

Asdo. ....

Cargo: .....